

GUÍA PARA LEGALIZAR O *SINDICATO DE ESTUDANTES* NO INSTITUTO



Esta guía divídese en dúas partes, unha primeira parte explicativa sobre os ataques que está recibindo o *Sindicato de Estudiantes* no terreo legal e unha segunda parte práctica onde vos indicamos en 3 pasos cómo legalizar a Asociación de Alumnos do *Sindicato de Estudiantes* no instituto.

PRIMEIRA PARTE.

Introducción. 20 anos defendendo unha educación pública de calidade para os fillos dos traballadores.

No curso 86/87, fai agora máis de 20 años, o *Sindicato de Estudiantes* naceu como unha organización xuvenil, de esquerdas, democrática, revolucionaria e laica. Naquel ano, a nosa organización dirixiu unhas mobilizacións estudiantís que supuxeron conquistas históricas para a educación pública: aumento das becas, eliminación do pago de matrículas no bacharelato, aumento das prazas na escola pública e o dereito do estudantado a estar organizado, entre outras. Dende esa época o *Sindicato de Estudiantes* saíu á rúa na defensa da escola pública e dos dereitos do estudantado. O *Sindicato de Estudiantes* é ante todo unha ferramenta de loita que conseguiu logros históricos para a educación pública pero que tamén conseguiu melloras importantes en moitos barrios e cidades, permitindo solucionar problemas concretos en moitos institutos (de falta de medios, de represión, etc.) e, ademais, saíu de punta de lanza en mobilizacións de carácter máis amplo como as que, por exemplo, encabezamos contra a guerra de Iraque no ano 2003.

Pese ós ataques, o *Sindicato de Estudiantes* é a organización mais importante nos institutos de todo o país.

Precisamente por eso a nosa organización non está libre dos ataques políticos para intentar desgastarnos e reducir a nosa influencia. Grazas á loita e á mobilización fomos quen de acadar victorias moi importantes. De feito, unha das conquistas mais importantes para o movemento estudiantil foron os decretos (incluímos ó final de esta guía o decreto galego) que recoñece o dereito do estudantado a organizarse e a crear asociacións en cada instituto.

Pero lamentablemente, ó longo dos anos, atopámonos con incumprimentos deste Decreto en múltiples formas: trabas nos institutos para crear asociacións, descontrol da Administración para rexistralas ou outros problemas de todo tipo. Ademais, os partidos políticos, especialmente a dereita, e as organizacións da patronal da educación privada-concertada trataron de crear as súas propias organizacións estudiantís para intentar contrapoñelas, sen ningún éxito, ó *Sindicato de Estudiantes*. Todas estas organizacións, ou ben desapareceron cos anos, ou ben convertéronse en asociacións pantasma que serven ós intereses da dereita, pero que realmente non existen nos institutos. Incluso o propio Ministerio de Educación, a través do Consello Escolar do Estado, tivo que recoñecer no ano 2006 que a nosa organización é a mais representativa entre o estudantado de todo o país.

Pese a todo isto, os ataques contra o *Sindicato* non cesaron e se fan especialmente graves en comunidades gobernadas polo PP. Por exemplo, en Madrid, a Consellería de Educación de Esperanza Aguirre ignora ó *Sindicato de Estudiantes* e son tan descarados que chegan a afirmar que non existimos nesta Comunidade... (Pese a ter realizado mobilizacións con miles de estudantes baixo as fiestras dos seus despachos). Aínda que non con tanto descaro, sufrimos tamén ataques graves no resto do Estado. E, lamentablemente, o PSOE, lonxe de encarsarse a

estas tácticas, que si que son antidemocráticas, mira para outro lado recoñecendo ás organizacións reaccionarias unha representación que non teñen.

A nosa resposta ós seus ataques: legalicemos e creemos a Asociación de Alumnos *Sindicato de Estudiantes* en cada instituto.

Por todo isto, ó longo deste curso queremos facer unha campaña de legalización do *Sindicato de Estudiantes* en tódolos institutos. Trátase dun plan de choque contra os ataques que xa estamos a recibir e contra os que podemos recibir no futuro. Legalizar a asociación é un mero trámite administrativo, moi sinxelo, que facemos sen saír do instituto e que, ademais, pódenos evitar problemas e reportar beneficios. Para empezar, dentro do propio centro de estudos poderemos pedir un local para reunirnos dentro do instituto, como asociación teremos dereito a voz propia dentro do centro, poderemos pedir subvencións, etc. Ademais de cara ó Goberno, cantas mais asociacións do Sindicato existan, mais difícil lles será ignorarnos. En definitiva, as vantaxes son obvias e nos dá unha protección legal que nos beneficia. Aínda que obviamente, como a experiencia nos demostra, tódalas nosas conquistas dependan en última instancia da loita e a mobilización; ter a Asociación de Alumnos legalizada pode ser un instrumento que nos facilite o traballo.

SEGUNDA PARTE. LEGALIZAR O SINDICATO EN 3 PASOS.

¿Qué precisamos para legalizarnos?

- ✓ Ser 5 compañeiros do instituto, ou mais.
- ✓ O apoio de 2 maiores de idade, poden ser profesores do centro, pais ou compañeiros estudantes maiores de idade. A lei chámalles “xestores” pero, ó contrario do que poda parecer por este nome, non teñen ningunha función nin son parte da Asociación, aínda que se nos esixe que firmen os papeis de constitución por se nalgún momento a Asociación abre una conta bancaria ou outra cuestión similar, o que nin sequera ten porque chegar a suceder.

1 *Unha vez que sexamos 5 compañeiros, ou mais, dispostos a legalizala Asociación xa temos solucionado o mais complicado. O seguinte que teremos que facer é facer unha reunión entre todos para encher los papeis que vos axuntamos.*

- ➔ **Documento 1: Portada.** Trátase dun papel que resume toda a documentación que posteriormente entregaremos na Secretaría do instituto. Temos que designar a un compañeiro que fará as veces de Coordinador da Xunta Directiva da Asociación e será quen realice o documento e o asine.
- ➔ **Documento 2: Acta Fundacional.** Trátase do documento que deixa constancia de que estamos creando a Asociación. Aquí precisamos que, ademais do compañeiro que asinou o papel anterior, os outros 4 compañeiros que estades promovendo a Asociación asinedes o papel. É o momento de distribuívos as responsabilidades (propaganda, acción sindical, deporte e cultura...) que cada quen queira desenrolar. Non vos preocupedes por darlle demasiada importancia a esto, posto que logo, no día a día, poderemos cambialo sen ningún problema. Trátase simplemente dun formalismo necesario, que poderá ser modificado cando os compañeiros da Asociación así o decidades. Por último, nesta folla, precisamos que poñan o seu nome e DNI os dous xestores, e dicir, os dous pais, profesores ou estudantes maiores de idade.
- ➔ **Documento 3: Certificación de Integración no *Sindicato de Estudiantes*.** Esta folla é importante, tratase do documento que vos vincula co *Sindicato de Estudiantes*. Deben cubri-lo os mesmos que a Acta Fundacional.
- ➔ **Documento 4: Estatutos.** Trátase dos estatutos-modelo básicos da Asociación de Alumnos. Por eles rexerese a mesma. Deberedes recubrir os espazos en branco e os 5 compañeiros que firmaron o Acta Fundacional e a Certificación de Integración no Sindicato de Estudiantes deberán firmar cada unha das follas na marxe.

2

Con estes 4 documentos cubertos, xa só nos falta o Documento 5. Recoller o 5% das firmas dos alumnos do centro.

- ➔ **Documento 5: Firmas.** Isto é sinxelo. Na maioría dos institutos, con que firme unha clase xa chegaremos ó 5%. De todas formas, facede o cálculo vós mesmos. Por exemplo, nun instituto medio de 500 alumnos, bastará a firma de 25 compañeiros. Isto poderemos facelo pasando as follas de firmas ó comezo dunha clase ou solicitando a sinatura estudante a estudante no recreo. Seguramente, antes de que toque o timbre teredes conseguido as sinaturas precisas.

Tras conseguir as sinaturas deberemos unilas ós outros 4 documentos.

3

Unha vez que teñamos toda a documentación, só nos falta entregala:

- ➔ Para iso, antes iremos á fotocopiadora do instituto para que nos fagan 3 copias de tódolos papeis, dos 5 documentos, de tal forma que ó final teñamos o xogo de documentos orixinal e outros 3 xogos fotocopiados.
- ➔ Despois iremos á Secretaría do Instituto. Alí teremos que dicir que nos selen os documentos por rexistro de entrada, os 4 xogos de documentos. Con que nos selen a primeira folla de cada xogo é suficiente. A Secretaría quedarase con 2 copias (unha para a Dirección do Instituto e outra que eles enviarán á Administración correspondente) e a nós darannos o orixinal e unha copia selada. Temos atopado problemas nalgúns institutos con Xuntas directivas reaccionarias onde se negaron a selarnos os papeis. Se isto vos sucedese chamade inmediatamente ós teléfonos de contacto que vos damos ó final da guía, pois a lei obrígalles a facelo, e se non o fan estarán incumpríndoos.
- ➔ Co orixinal e a copia selada que nos deron, a copia deberédela gardar vós e o orixinal deberedes enviálo por correo ordinario á sé do *Sindicato de Estudiantes*, a esta dirección: Sindicato de Estudiantes – C/ Hermanos del Moral, 33 bajo A– 28019 Madrid. Este paso é moi importante, porque así poderemos incluír a vosa Asociación no censo oficial de Asociacións do *Sindicato* e poñernos en contacto con vós para axudarvos en todo o que precisades.

Por último, para solucionar calquera problema ou dúbida relacionada coa creación da Asociación habilitámosvos un enderezo de correo electrónico: asociaciones@sindicatodeestudiantes.org, e un número de teléfono: 91.471.82.13, onde vos axudaremos con calquera cuestión que vos apareza.

DOCUMENTO 1.

DOCUMENTACIÓN PARA LA CONSTITUCIÓN DE LA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS “SINDICATO DE ESTUDIANTES” del IES

D./Dña actuando como Coordinador/a de la junta directiva de la Asociación de Alumnos “Sindicato de Estudiantes” del I.E.S., deposita en la secretaría del I.E.S. a fin de acreditar la constitución de la asociación la siguiente documentación:

1. Acta de constitución de la Asociación de Alumnos, firmada por el 5% de los alumnos del I.E.S.
2. Certificación de integración de la de la Asociación de Alumnos “Sindicato de Estudiantes” que presenta esta documentación en la Federación de Asociaciones de Alumnos “Sindicato de Estudiantes” de Galicia
3. Estatutos de nuestra asociación, escrupulosamente adaptados a la legislación que afecta a las asociaciones de la naturaleza de la nuestra (Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la educación, y el Decreto 466/1987, de 17 de diciembre, por el que se regulan las asociaciones de alumnos en Galicia)
4. Copia del Decreto 466/1987, de 17 de diciembre, por el que se regulan las asociaciones de alumnos en Galicia.

Entendiendo que esta secretaría va a actuar de acuerdo con la ley, y ciñéndose al artículo 4 del Decreto 466/1987, de 17 de diciembre, por el que se regulan las asociaciones de alumnos en Galicia, va a remitir esta documentación a la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Si pasados dos meses desde la fecha aparecida en el sello de entrada de esta secretaría no hubiera recaído resolución expresa por parte de la administración, entenderemos la constitución de nuestra asociación de alumnos acreditada y censada a los efectos previstos en la ley.

Firma, en, a de de 20.....

D./Dña....., actuando como Coordinador/a

DOCUMENTO 2.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DE LA ASOCIACIÓN DE ALUMNOS

Esta es el acta de Constitución de la Asociación de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" del I.E.S.situado en la Callede la localidad de..... en la provincia de

Reunidos los abajo firmantes, alumnos del citado centro, con derecho a asociarse de acuerdo con el artículo 7 de la Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la educación, y el Decreto 466/1987, de 17 de diciembre, por el que se regulan las asociaciones de alumnos en Galicia, actuando como Presidente de la reuniónlevantamos el siguiente Acta de Constitución de la Asociación de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" de dicho centro para que, como consta en el Decreto 466/1987, la secretaría de este I.E.S. la remita a la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que se proceda a la inclusión de esta asociación de alumnos en el censo establecido al efecto que tendrá en todo caso carácter declarativo según establece en este mismo Decreto. El transcurso de 2 meses desde la presentación de este acta y de nuestros estatutos sin que hubiera recaído resolución expresa por parte de la administración, entenderemos que nuestra asociación ha sido incluida en el censo.

Para ello asumimos los requisitos exigibles a una asociación de nuestra naturaleza, recogidos en la legislación ya mencionada y en nuestros propios estatutos, escrupulosamente adaptados a esta misma legislación. Asumimos en consecuencia las finalidades señaladas en el artículo 2.1 del Decreto 466/1987.

Con tal fin se llegó al acuerdo de nombrar una Junta Directiva compuesta por:

FUNCIÓN	NOMBRE Y APELLIDOS	DNI/CURSO	FIRMA
COORDINADOR
TESORERO
R. PROPAGANDA
R. ACCIÓN SINDICAL
R. DEPORTE Y CULTURA

Y como gestores de la Asociación: con DNI , y con DNI

En, a de de 20.....

DOCUMENTO 3.

CERTIFICACIÓN DE INTEGRACIÓN de la Asociación de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" del Centro I.E.S. situado en la calle de la localidad de en la provincia de

Reunidos en Asamblea General el día de de 20..... estando presentes los miembros de pleno derecho de la Asociación de Alumnos del mencionado centro y actuando como Presidente de la reunión y como Secretario de Actas y después de una discusión entre los presentes se toman los siguientes acuerdos:

1. Nuestra integración como Asociación de Alumnos en la Federación de Asociaciones de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" de Galicia.
2. Elevar este acuerdo a la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para que conste según lo establecido en el artículo 7 del Decreto 466/1987, de 17 de diciembre, por el que se regulan las asociaciones de alumnos en Galicia.
3. Designar como domicilio, a efectos de notificaciones, al margen del domicilio social de la propia asociación recogido en sus Estatutos, y en virtud de haberse integrado la presente Asociación en la Federación de Asociaciones de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" de Galicia, integrada a su vez en la Confederación de Asociaciones de Alumnos "Sindicato de Estudiantes", el domicilio social de dicha Confederación, sito en Madrid, calle Hermanos del Moral nº 33, Bajo A, debiendo comunicarse en dicho Domicilio social cualquier decisión de la Administración que pueda afectar a la situación legal de la presente Asociación de Alumnos.

Para tal fin, a continuación firmamos los miembros de la Junta Directiva de la Asociación de Alumnos anteriormente mencionada,

FUNCIÓN	NOMBRE Y APELLIDOS	DNI/CURSO	FIRMA
COORDINADOR
TESORERO
R. PROPAGANDA
R. ACCIÓN SINDICAL
R. DEPORTE Y CULTURA

Y como gestores de la Asociación: con DNI , y con DNI

En, a de de 20.....

DOCUMENTO 4.

ESTATUTOS

1.DENOMINACIÓN.

La Asociación de Alumnos del Instituto I.E.S. se
llamará Asociación de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" del I.E.S.
....., y sus siglas correspondientes
.....

2.DOMICILIO.

El domicilio de la Asociación de Alumnos Sindicato de Estudiantes será la del centro IES
..... situado en la calle
.....

3. FINES.

La asociación de alumnos Sindicato de Estudiantes del IES
....., se inspira y actúa sobre la base de los
principios de democracia interna, participación, publicidad y pluralismo y asume los siguientes fines.

3.1. Colaborar y participar en la labor educativa del centro, así como en la programación y desarrollo de las actividades complementarias y extraescolares de los mismos.

3.2. Expresar la opinión de los alumnos con respecto a todo aquello que afecte a su situación en el centro.

3.3. Promover la participación más directa y activa posible de los alumnos en los órganos colegiados del centro.

3.4. Facilitar la representación de los alumnos en el consejo escolar para lo cual la asociación promoverá y presentará candidaturas a todos los cargos representativos a los que tienen acceso los estudiantes: Consejo escolar, delegados... Facilitar la participación de los alumnos en la programación general de la enseñanza de los correspondientes órganos colegiados.

3.5. Fomentar la realización de actividades culturales, deportivas o recreativas que faciliten el aprendizaje de la acción cooperativa y el trabajo de equipo con el fin de alentar la mayor solidaridad moral y material entre sus afiliados y entre todos los alumnos del centro.

3.6. Asistir constantemente a los estudiantes en todos los problemas que tengan y garantizar el ejercicio de sus libertades y derechos individuales básicos:

- a) Derecho a recibir una formación que asegure el pleno desarrollo de su personalidad.
- b) Derecho a que su rendimiento escolar sea valorado conforme a criterios de plena objetividad.
- c) Derecho a que se respete su libertad de conciencia y todos los derechos democráticos de expresión, escrita, reunión, organización y manifestación.
- d) Derecho a que respete su integridad y dignidad personal.
- e) Derecho a recibir las ayudas económicas precisas para compensar las posibles carencias de origen familiar, económico o sociocultural.

f) Derecho a protección social en los casos de infortunio familiar o accidente.

3.7. Asistir a los estudiantes en todo momento en el ejercicio a intervenir en el control y gestión democráticos del I.E.S

3.8. Promover la Federaciones de Asociaciones de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" locales, provinciales, autonómicas, así como la Confederación Estatal de Asociaciones de estudiantes Sindicato de Estudiantes.

3.9. En defensa y por la mejora general de las condiciones de estudio agrupando a todos los estudiantes que respeten los principio democráticos sin distinción o discriminación por razón de sexo, nacionalidad, raza, religión u orientación sexual.

3.10. Recavar de los poderes públicos resoluciones que favorezcan los intereses de los estudiantes.

3.11. La asociación editará hojas, cuadernillos, revistas informativas, carteles... y fomentará el uso de murales de información o cualquier otro método de expresión para dar a conocer sus fines a todos los estudiantes, sean afiliados o no.

4. ORGANOS DIRECTIVOS

4.1 El órgano máximo de la Asociación de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" del I.E.S. será la asamblea de afiliados que se reunirá siempre que la convoque la Junta Directiva de la Asociación en el centro o que la pida un tercio de los afiliados.

4.2. Dicha asamblea elegirá una Junta Directiva que estará compuesta como mínimo por un coordinador, un tesorero, un responsable de acción reivindicativa y un responsable de propaganda.

4.3. Los acuerdos tanto de la asamblea de afiliados como los la Junta Directiva se tomarán de forma democrática por mayoría natural, de la mitad más uno de los asistentes, tras el debate necesario de cada punto o tema a tratar en el que todo afiliado tendrá plena libertad de intervenir bajo el ordenamiento de una mesa elegida al comienzo de la asamblea.

4.4. Los cargos de la asociación deberán ser elegidos igualmente por la mayoría y serán revocables en el momento en que así lo decida quien los eligió, es decir, la asamblea de afiliados, que deberá proceder a la elección de los nuevos lo antes posible.

4.5. Bien la asamblea de afiliados o la Junta Directiva podrán poner en funcionamiento comisiones de trabajo formadas por afiliados que asuman las responsabilidades de organizar actos o actividades permanentes de la asociación en el centro.

4.6. Los dos gestores de la Asociación mayores de edad son:, y

5. ADMISIÓN DE AFILIADOS.

5.1 Afiliados a la Asociación de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" del I.E.S. pueden ser todos aquellos estudiantes de dicho centro que estén de acuerdo con los objetivos democráticos de la Asociación y con el deseo de colaborar con el deseo del mismo.

5.2. En el caso de que algún afiliado se oponga a una nueva afiliación se discutirá en la Asamblea y se tendrá que discutir si se acepta o no el ingreso.

5.3. Puede perder su condición de afiliado:

a) Quien así lo desee por voluntad propia.

b) Quien, tras haber entrado, no acepte cumplir las obligaciones básicas del Afiliado.

c) Quien se posicione pública y reiteradamente en contra de los fines de la Asociación de Alumnos "Sindicato de Estudiantes" del I.E.S.

La decisión de quitar la condición de afiliados que se contempla en el apartado b y c la podrá tomar la Asamblea por mayoría simple tras dar oportunidad al interesado a que exponga libremente sus razones ante la Asamblea.

6. DERECHOS Y DEBERES DE LOS AFILIADOS.

6. 1. El primer derecho del afiliado que se contempla es poder participar activamente a todos los niveles de la Asociación. Debe participar en las asambleas y actividades organizadas por la Asociación

6. 2. Todo afiliado tiene el derecho a presentarse a cargos directivos a la Asociación y debe ejercerlos si es elegido para ello. Los Afiliados tienen derecho a uno de los locales del centro para sus actividades públicas y/o permanentes de acuerdo con los puntos 1 y 2 del Artículo 5 del Decreto 466/1987 del 17 de diciembre.

6.3. Todo afiliado tiene derecho a recibir puntual y en el menor tiempo posible toda la información de que dispone la Asociación, así como la información de que disponga la dirección del centro o sea emitida por la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o el Ministerio de Educación y le afecte a él directa o indirectamente.

6.4. El afiliado tiene derecho a elegir o revocar democráticamente a los cargos directivos de la Asociación.

6.5. Es deber de todo afiliado contribuir de cualquier forma al desarrollo y progreso de la Asociación para que pueda llevar a cabo de forma idónea sus fines.

7. RECURSOS ECONÓMICOS

7.1. En primer lugar se dispondrá de la cuota de los afiliados que será fijada por la Asamblea para hacer frente a las actividades que se propongan realizar.

7.2. Se pedirá la colaboración económica voluntaria al repartir hojas, revistas o otras publicaciones de la Asociación.

7.3. Se solicitarán subvenciones institucionales a las que la Asociación pueda tener acceso bien del Ministerio de Educación, la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria u otros Organismos.

8. REGIMEN DE MODIFICACIÓN DE LOS ESTATUTOS.

8.1. Los Estatutos sólo se podrán modificar por la Asamblea de afiliados.

8.2. Se podrán modificar a propuesta del Comité Directivo o en base a una propuesta del 30% de los Afiliados y siempre que salga aprobada por mayoría en la Asamblea la modificación propuesta.

8.3. La modificación se notificará en los organismos competentes como queda establecido en el Decreto 466/1987, de 17 de diciembre.

9. EXTICIÓN DE LA ASOCIACIÓN.

La disolución de la asociación podrá darse por decisión de la propia asociación, entendido por esto la votación mayoritaria en la Asamblea de afiliados, caso en el que se tendrá que decidir al tiempo el destino del patrimonio social de la asociación.

Decreto 466/1987, de 17 de diciembre,
por el que se regulan las asociaciones de alumnos en Galicia

2

DIARIO OFICIAL DE GALICIA

N.º 1 - Luns, 4 de xaneiro de 1988



**DIARIO OFICIAL
DE GALICIA**

Edición e Administración:
Secretaría Xeral Técnica da
Consellería da Presidencia
Edificio San Caetano
Teléfonos: 568000 - 5100 - 4100
Santiago de Compostela

Depósito Legal: C. 73 - 1982
Imprime: "Editorial Compostela, S.A."
Preguntoiro, 29 - Santiago

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria

Decreto 466/1987, do 17 de decembro,
polo que se regulan as asociacións de
alumnos.

O artigo 7º da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, establece que os alumnos poderán asociarse de acordo coa lei e coas normas que regulamentariamente se establezan. Por iso, e a fin de establecer a normativa para dar cumprimento a aquel mandato legal, dítase o presente Decreto polo que se crea o Censo das Asociacións, Federacións e Confederacións de Alumnos de acordo co citado artigo 7º e disposición derradeira primeira da expresada Lei orgánica, e polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.

Na súa virtude, e a proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do día dezasete de decembro de mil novecentos oitenta e sete,

DISPONGO:

Artigo 1.º—

Exerzanse por este Decreto as asociacións de alumnos constituídas por alumnos de centros docentes públicos ou privados de ensinanza de Educación Xeral Básica a partir do ciclo

Artigo 2.º—

Serán requisitos esenciais para a constitución de asociacións de alumnos:

1.— Que as asociacións de alumnos teñan como finalidades:

a) Expresa-la opinión dos alumnos en todo aquilo que afecte á súa situación nos centros.

b) Colaborar no labor educativo dos centros e nas actividades complementarias e extraescolares dos mesmos.

c) Promove-la participación dos alumnos nos órganos colexiados do centro.

d) Realizar actividades culturais, deportivas e de fomento da acción cooperativa e de traballo en equipo.

e) Promover federacións e confederacións, de acordo co procedemento establecido na lexislación vixente.

f) Facilita-lo exercicio dos dereitos dos alumnos recoñecidos pola lexislación vixente, e en particular polo artigo 6 da Lei orgánica reguladora do Dereito á Educación.

g) Asistir ós alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos.

h) Facilita-la representación e participación dos alumnos nos Consellos Escolares dos centros públicos e concertados e noutros órganos colexiados se é o caso.

i) Calquera outras que, dentro da normativa vixente, lle asignen os seus respectivos estatutos.

2.— Que os membros da asociación sexan alumnos matriculados nos centros docentes mencionados no artigo 1.º

3.— Que a súa sede social radique en Galicia e que se desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3.—

As asociacións de alumnos, para o seu recoñecemento como tal, deberán acompañala correspondente solicitude da documentación seguinte:

1).— Acta de constitución da asociación, que deberá ser asinada alomenos polo cinco por cento dos alumnos do centro con dereito a asociarse e, en todo caso, por un mínimo de cinco. Na acta constará o propósito de asumir, de acordo cos respectivos estatutos, o cumprimento das finalidades sinaladas no artigo 2.1.

2).— Os estatutos deberán conter:

a) Denominación da asociación, cunha referencia que a singularice e mención do centro docente no que se constitúe.

b) Finalidades da asociación, de acordo co disposto no artigo 2.1.

c) Domicilio, que será o do centro docente no que cursen estudos os alumnos.

d) Composición e funcionamento dos seus órganos rectores que, en todo caso, deberán ser democráticos.

e) Procedemento de admisión e perda da condición de socio.

f) Dereitos e deberes dos asociados.

g) Recursos económicos previstos.

h) Rexime de modificación dos estatutos.

Artigo 4.—

A acta de constitución da asociación, os seus estatutos, así como calquera modificación dos mesmos, depositaranse na Secretaría do centro, quen os remitirá á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a súa inclusión no Rexistro de Asociacións de Alumnos, que terá carácter declarativo.

Todo iso sen prexuício da inscrición da asociación de alumnos no Rexistro Xeral de Asociacións, se é o caso.

Artigo 5.—

1.— As asociacións de alumnos poderán celebrar reunións nos locais dos centros nos que cursen estudos os seus membros, sempre que as mesmas se circunscriban ós fins propios da asociación e non alteren o normal desenvolvemento das actividades docentes.

Para os efectos da utilización dos locais a que se refire o apartado anterior, será necesaria a previa conformidade do director do centro escolar, de acordo co que dispoña o regulamento orgánico

do mesmo ou, dado o caso, o regulamento de rexime interior.

2.— Os directores dos centros escolares, dentro dos medios materiais de que dispoñan, facilitarán o uso dun local para o desenvolvemento das actividades internas de carácter permanente das asociacións constituídas nos mesmos, sempre que sexa solicitado por estas.

3.— As actividades que as asociacións de alumnos desenvolvan nos centros docentes non poderán ser distintas ás establecidas nos seus estatutos dentro do marco dos fins que lles asignen como propios a Lei orgánica e o presente Decreto.

4.— Das ditas actividades deberá ser informado o consello escolar do centro e das mesmas poderán participar tódolos alumnos que o desexen.

Artigo 6.—

1.— As asociacións de alumnos contarán con dous xestores, non retribuídos, para velar polo bo uso dos seus recursos económicos.

2.— A designación dos xestores realizaraa a xunta directiva das asociacións de entre os seus propios membros maiores de idade, profesores ou pais de alumnos do centro.

3.— A actuación dos xestores non poderá contradicilos acordos adoptados polos órganos competentes da asociación.

Artigo 7.—

As asociacións de alumnos poderán federarse localmente, comarcalmente ou en ámbitos territoriais máis amplos, así como confederarse.

Federacións: estarán integradas por un mínimo de tres asociacións, debidamente inscritas no Censo de Asociacións de Alumnos.

Confederacións: compostas por ~~un mínimo de tres~~ federacións inscritas previamente no correspondente censo.

Artigo 8.—

1.— De conformidade co disposto no artigo 35 da Lei orgánica reguladora do Dereito á Educación, a participación dos alumnos nos Consellos Escolares de ámbito territorial superior ou municipal, realizarase a través das asociacións, federacións ou confederacións de asociacións de alumnos na forma que establezan as disposicións legais que se dicten sobre organización e funcionamento dos ditos Consellos.

Artigo 9.—

As organizacións que se incorporen a federacións internacionais de asociacións de alumnos deberánlo comunicar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 10.—

1.— A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facilitará a constitución de asociacións, federacións e confederacións de alumnos mediante o asesoramento técnico que se solicite.

2.— A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fomentará as actividades das asociacións, federacións e confederacións de alumnos mediante a concesión, conforme a criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade, das axudas que para tales fins figuren nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma. En todo caso, terán preferencia para a concesión de tales axudas aquelas asociacións constituídas en centros que atenden poboacións escolares de condicións socio-económicas desfavorables, así como as federacións ou confederacións que comprenden asociacións de tal carácter ou ostenten máis ampla representatividade por razón de número de asociados.

Artigo 11.—

1.— Créase, no seo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Rexistro de Asociacións de Alumnos, así como o de Federacións e Confederacións.

2.— O indicado rexistro está adscrito á Secretaría Xeral.

Artigo 12.—

No dito rexistro anotarase toda clase de asociacións de alumnos constituídas nos centros docentes, de titularidade pública ou privada, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como toda clase de federacións ou confederacións que integren asociacións deste carácter constituídas en centros docentes dependentes da referida Consellería.

Artigo 13.—

1.— O Rexistro terá carácter público e quedará organizado nos dous apartados cos seus libros correspondentes, relativos respectivamente, a asociacións de centros de titularidade pública e privada, e federacións e confederacións.

2.— A publicidade realizarase por manifestación e exame dos libros, logo de autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como por certificación literal, ou en extracto, de cantos extremos se soliciten.

3.— a) As certificacións literais expediránse na lingua en que se efectuase a inscrición reproducida. Cando non sexa transcripción literal de asentamento, empregarase calquera dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia solicitado polo interesado.

b) As certificacións irán autorizadas polo Secretario Xeral Técnico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou, pola súa delegación, polo encargado do censo.

Artigo 14.—

1.— Os asentamentos do censo serán de tres clases: de ingreso, complementarios e de baixa.

2.— Os asentamentos de ingreso comprenderán os seguintes datos:

Os referentes á constitución de novas asociacións e a adaptación das xa existentes ó disposto neste Decreto.

3.— Son asentamentos complementarios:

a) Os de modificacións estatutarias das asociacións, federacións e confederacións.

b) Os cambios de domicilio.

c) Os de incorporación de asociacións a federacións xa constituídas e de federacións a unha confederación xa existente.

d) Os de incorporación de entidades de carácter internacional ou de adopción de denominación alusivas ás mesmas.

4.— a) Os asentamentos de baixa anotarán a disolución de calquera asociación, federación ou confederación e a causa que a motiva.

b) No caso de que algunha entidade censada incumpra o disposto no presente Decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá dictar resolución acordando a baixa da entidade no rexistro, logo de incoación do oportuno expediente, que se tramitará de acordo co disposto no artigo 133 e seguintes da Lei de Procedemento Administrativo.

Artigo 15.—

1.— A inclusión no Rexistro de Asociacións de Alumnos efectuarase, se procede, logo de remisión pola Secretaría do centro escolar respectivo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da acta de constitución, dos seus estatutos, en duplicado exemplar.

2.— As federacións ou confederacións de asociacións de alumnos solicitarán directamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a súa inclusión no rexistro, xuntando ademais da documentación a que se refire o apartado anterior, relación de asociacións que comprende.

Artigo 16.—

1.— Á vista da documentación presentada pola entidade solicitante da inclusión no censo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dictará resolución, que, de ser favorable á solicitude presentada, levará consigo a inscrición no referido censo, asignándolle o número correspondente.

2.— Se transcorridos dous meses desde a presentación da documentación, non recaese resolución expresa por parte da Delegación, entende-

rase realizada a inscrición no censo.

3.— Se a Administración formulase algún reparo formal ou de fondo á documentación presentada pola asociación, federación ou confederación, quedará en suspenso o prazo de dous meses ó que se refire o apartado anterior.

4.— Os reparos formais, así como os derivados da inadecuación da normativa vixente, comunicánselle ó interesado con apercibimento de que se no prazo de dez días non fosen reparados, arquivárase o expediente sen máis trámite.

Artigo 17.—

Toda asociación, federación ou confederación que, cumprindo os requisitos legais, sexa incluída no censo, recibirá un número de orde que, debidamente notificado, será transcrito en tódolos escritos e documentos da mesma.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As asociacións, federacións e confederacións que estean desenvolvendo as súas actividades no momento da entrada en vigor do presente Decreto, terán que solicita-la súa inscrición no censo previsto no mesmo, no prazo de tres meses a partir da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—

~~Quedan derogadas as seguintes disposicións que se opoñan á disposición presente do Decreto e en especial a Orde do 14 de xaneiro de 1987 pola que se regulaban as asociacións de alumnos.~~

Segunda.—

Facúltase ó Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do presente Decreto.

Terceira.—

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dezasete de decembro de mil novecentos oitenta e sete.

Fernando Ignacio González Laxe
Presidente.

Francisco Javier Suárez-Vence Santiso
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería de Industria, Comercio e Turismo

Corrección de erros.— Orde do 30 de outubro de 1987 sobre a realización de asesorías enerxéticas durante 1987, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, encamiñadas a conseguilo aforro, a diversificación e o desenvolvemento enerxético.

Advertidos erros na Orde do 30 de outubro de 1987, publicada no D.O.G. nº 226 do 24 de novembro, cómpre face-las oportunas rectificacións:

Primeira.—

No apartado 2.2 do artigo 2º (páxina 4.664) onde di: "A subvención que se conceda acadará ata o 60% ou o 40% do custo da auditoría para as empresas con consumo final directo maior ou menor de 100 Tep/ano..."

Debe dicir: "A subvención que se conceda acadará ata o 60% ou o 40% do custo da auditoría para as empresas con consumo final directo menor ou maior de 100 Tep/ano..."

Segunda.—

No apartado 5.2 do artigo 5º (páxina 4.664) onde di: "A subvención que se conceda acadará ata o 60% ou o 40% do custo das ditas accións, segundo se fagan en industrias con consumo final directo maior ou menor de 100 Tep/ano..."

Debe dicir: "A subvención que se conceda acadará ata o 60% ou o 40% do custo das ditas accións, segundo se fagan en industrias con consumo final directo menor ou maior de 100 Tep/ano..."

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

Consellería de Economía e Facenda

Orde do 21 de decembro de 1987 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión de un posto de traballo vacante na Consellería de Economía e Facenda.

Conforme ó establecido no artigo 20.1b) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 13 do Decreto da Xunta-57/1983, do 6 de abril,

Esta Consellería dispón:

Primeiro.—

Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.—

Poderán concorrer ó mesmo os funcionarios de